

Nota de prensa

VII Encontro da Escola de Alimentación da Fundación EROSKI

A FUNDACIÓN EROSKI ABORDA A IMPORTANCIA DE ADQUIRIR HÁBITOS DE ALIMENTACIÓN SAUDABLE NA INFANCIA

- **Baixo o título "O apetito está no cerebro; como desenvolver hábitos alimentarios saudables nos nosos fillos", expertos no eido da nutrición, ciencia e psicoloxía analizaron a importancia da alimentación en idades temperás**
- **A prevención da obesidade infantil é un dos obxectivos dos Compromisos en Saúde e Sustentabilidade que EROSKI vén de renovar**

San Sebastián, 16 de novembro do 2018.- A Fundación [EROSKI](#) celebrou ao longo desta mañá no Basque Culinary Center de San Sebastián a sétima edición dos encontros da súa [Escola de Alimentación](#) baixo o título "*O apetito está no cerebro; como desenvolver hábitos alimentarios saudables nos nosos fillos*". O acto inaugural contou coa presenza e intervención da directora de Innovación do Basque Culinary Center, Begoña Rodríguez, do director de Saúde Pública e Adiccións do Goberno Vasco, Juan José Aurrekoetxea e mais do presidente de EROSKI, Agustín Markaide.

O presidente de EROSKI agradeceulle a presenza aos profesionais da nutrición, psicoloxía e sanidade que se deron cita na xornada, ao Basque Culinary Center, ao Goberno Vasco e ao Concello de Donostia. "*Dende EROSKI contribuímos activamente á difusión e educación social sobre hábitos alimentarios saudables. Espero que este encontro sirva para continuar a afondar no camiño que –expertos, institucións e EROSKI– emprenderon hai anos e que axude a xerar un diálogo entre todas as partes para buscar propostas de mellora*".

Co obxectivo de contribuír ao benestar da sociedade e de inculcar dende a infancia hábitos de vida saudables, o encontro deste ano contou coa intervención de Álvaro Bilbao, doutor en psicoloxía e neuroloxía e autor de varias publicacións científicas e libros.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Ademais, Marta Verona, nutricionista e gañadora da sexta edición de Masterchef, impartiu unha conferencia sobre "técnicas de cociña modernas e saudables para a alimentación infantil".

Durante o acto desenvolveuse unha mesa redonda baixo o título "pais sans, nenos sans", coa participación do director de Saúde Pública e Adiccións do Departamento de Saúde do Goberno Vasco, Juan José Aurrekoetxea, e do director de Fundación EROSKI, Alejandro Martinez Berriochoa. *"Dende Fundación EROSKI levamos dende o 2012 concienciando as familias na importancia de que xa dende cativiños se adopten bos hábitos alimenticios co obxectivo de medrar en saúde. Ademais"* - engadiu Alejandro Martinez Berriochoa- *"nos nosos renovados [Compromisos en Saúde e Sustentabilidade](#), facemos fincapé na prevención da obesidade infantil como un compromiso que pon o foco na proactividade á hora da prevención"*.

A clausura do VII Encontro da Alimentación contou coa presenza da directora xeral de Atención á Dependencia da Deputación Foral de Guipúscoa, Txaro Rodrigo.

Case dez anos creando espazos de reflexión

Co obxectivo de ofrecer un espazo de reflexión arredor de temáticas relevantes e actuais relacionadas coa saúde da poboación, Fundación EROSKI promoveu dende o 2009 encontros que contaron coa participación de numerosos profesionais do eido da saúde, da nutrición e da psicoloxía, entre outros.

No 2012 Fundación EROSKI puxo ademais en marcha o seu [Programa Educativo en Alimentación e Hábitos de Vida Saudables](#) (PEAHS), que ten como obxectivo primordial sensibilizar os estudantes sobre a importancia de teren unha alimentación equilibrada e de seguiren un estilo de vida saudable. Un total de 460.401 escolares de toda España de 3.192 centros de Educación Primaria participaron na última edición. A cooperativa aspira a formar a máis de dous millóns de nenos e as súas familias para o 2025.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)